

En referencia á solicitude de información formulada o 16 de novembro de 2022 por [REDACTED], con número de rexistro de entrada [REDACTED], no que solicita el "Archivo reutilizable (formato CSV, etc.) que contenga información en relación con las prácticas curriculares y extracurriculares desde el año 2014 hasta actualidad, solicitando las siguientes columnas/ información: genero\_alumno, codigo\_RUCT, titulación\_alumno, centro\_alumno, entidad\_empresa, tipo\_entidad, horas\_semanas, horas\_totales, tipo\_practicas\*2, creditos, ayuda\_economica\_mes, MesAño\_InicioPracticas, MesAño\_FinPracticas, información\_publicacion\*1.", procede indicar que:

-O artigo 18.1.c da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, establece que se inadmitirán a trámite, mediante resolución motivada, as solicitudes relativas a información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración.

-Respecto da súa solicitude, procede indicar que proporcionar a información que solicita suporía para a Universidade de Santiago de Compostela (USC) dotarse dun novo tratamento da información relativa a prácticas académicas, dado que carece do arquivo solicitado e non pode obtelo mediante unha mera agregación ou suma de datos. Tampouco ten a disposición os medios técnicos necesarios para extraer e explotar a información que solicita.

-En resumo, para atender a súa solicitude sería necesario introducir cambios organizativos e de funcionamento na institución, ademais da dotación de medios técnicos para os que non dispón de dotación nos orzamentos da Universidade.

Por todo isto, esta Secretaría Xeral RESOLVE:

Non admitir a trámite a súa solicitude de información sobre as prácticas curriculares e extracurriculares, dende o ano 2014 ata a actualidade, por ser necesaria unha acción previa de reelaboración.

O que lle comunico aos efectos oportunos, indicando que contra a presente resolución poderá presentar reclamación ante a Comisión de Transparencia de Galicia no prazo dun mes a contar dende a recepción desta notificación ou dende que se produza a caducidade desta segundo o caso.

A Secretaria Xeral

Dulce M<sup>a</sup> García Mella

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).